

AYÁN, Xurxo e GAGO, Manuel (2012): *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI*. Ames: 2.0 Editora, 253 pp.

Non resulta doado analizar o presente libro. Sempre que se escolle unha obra para reseñar xorden as dúbidas sobre a obxectividade do resultado. Será positiva a recensión? Fará críticas insubstanciais? É amigo ou inimigo dos autores? Onde se vai publicar?... Nun contexto verdadeiramente científico, o que debería importar é a obra en si, como exposición duns feitos, dunhas ideas e/ou dunha metodoloxía. Pero, *a Deus grazas*, os autores rompen de partida as convencións académicas. Non hai notas nas que algún revisor mal intencionado poida pescudar posibles erros, nin unha longa bibliografía na que achar omisións.

Polo contrario, trátase dunha exposición moi persoal a dúas voces –máis unha terceira baseada exclusivamente nun apartado gráfico ben escollido que percorre o libro a modo de guía. Cuns tons que, ás veces, contrastan no xeito de expoñer e apoiar argumentos, pero que rompen continuamente a comodidade do lector e excitan a curiosidade (algo xa evidente nos propios títulos de apartados e capítulos: *Punto de partida, Prehistoria, Histeria, Xentes e Pedras, A luz nos camiños* ou *E agora que?*). Levándoo desde a historia das orixes da arqueoloxía galega, pasando polas reflexións, recordos e inquedanzas dos autores ata chegar a actualidade. É unha obra que parte do máis próximo e cotián que hai, o vivido.

Preséntase o paso do anticuarismo e a arqueoloxía de chaqueta e gravata de finais do XIX e principios do XX, aos prometedores proxectos educativos e iniciativas do período republicano truncado por unha guerra civil e unha ditadura dilatada no tempo. A chegada da democracia, malia o cambio nos ventos historiográficos, tardou en madurar na difusión e implicación social da investigación arqueolóxica. Aínda que se mencionan, poderían salientarse máis as iniciativas culturais, os grandes macroproxectos de musealización do patrimonio para turismo cultural –a Cidade da Cultura non vén da nada– e o tremendo esforzo da investigación desde finais dos 80 e principios dos 90, coas grandes campañas arqueolóxicas, e os enfron-

tamentos entre academia e empresa que aínda continúan (Barreiro 2013). Pero talvez, á vista da obra, aínda no sexa o momento axeitado.

Como di un libro básico para calquera arqueólogo: “O desexo de cavar a terra na procura de obxectos valioso é de seguro unha das máis antigas pasións humanas e a escavación arqueolóxica pode ser unha das súas manifestacións máis recentes” (Harris 1991). Cómo aproveitar tal desexo, común a todos os cidadáns, no proveito e beneficio da sociedade é unha cuestión aberta na actualidade. Neste senso, non pode dicirse que os autores sexan meras testemuñas da situación actual do patrimonio galego. Hai abondosos exemplos ao longo das páxinas de que, tanto eles como outros, tomaron en serio reconducir na medida das súas posibilidades a situación. Entre o máis destacado as experiencias de arqueoloxía social de campo ou a forte actividade de varias asociacións mencionadas no texto. Non é que a idea de saltar o valado sexa axeitada ou segura, pero é unha necesidade real que hai que afrontar. Dende logo, fai falla un cambio no contido e sentido final das leis que regulan (xestionan) e se *apropian* do patrimonio cultural galego. Os autores sinalan, entre as moitas críticas propostas, que hai xacementos escavados e destruídos sen remisión, pero o conxunto dos cidadáns, que son os que financian as grandes obras públicas, non coñece realmente o que se destrúe no seu nome. É certo. As faragullas de información dispoñible no momento mesmo dunha escavación chegan ao conxunto da sociedade convertidas xa en armas políticas, non en coñecemento obxectivo e reflexivo. O inmediato das tecnoloxías da información e a necesidade democrática dunha sociedade crítica e formada non cadra moito cos tempos máis pausados da publicación de artigos académicos, das memorias de escavación e do paternalismo científico dos investigadores. Existen certamente guías do patrimonio, guías de xacemento, guías de castelos, artigos de divulgación –hai estantes e librerías cheas deles nas facultades universitarias–, pero non abondan, ou mellor, non satisfan na súa forma e no seu contido ao que a sociedade require.

Os autores adican tempo a presentar as novas formas que está a tomar a construción do coñecemento e a preocupación polo pasado e a identidade propia. En moitas partes do libro

faise un chamamento claro, o investigador debe participar –que non dirixir–, debe implicarse a través dunha dexterarquización do coñecemento ou correr o risco de quedar á marxe. Malia as posibles críticas destas pasaxes do libro, cómpre dicir que moitos investigadores actuais –aínda que algún non o recoñeza– están a usar con moito proveito, precisamente, as webs e outros recursos deseñados e mantidos por afeccionados interconectados que difunden un labor de campo, de calidade ou non segundo os criterios de cada quen (non imos entrar no xogo enganoso das valoracións e xeralizacións), pero inxente. Nestes tempos de crise, coas dificultades para captar recursos e medios para investigar, a mal chamada erudición (dixital) está a sacar á luz moitos xacementos que pasan desapercibidos. Eis o éxito, pese a crise e os cambios historiográficos, das monografías e estudos de historia local.

Salientables semellan as pequenas contradicións ao longo do texto que, por sermos obxectivos, non se poden esquecer. Aínda que se fala, e constitúe un tema central da obra, dese *patrimonio* –legado, herdanza– do que todos somos *herdeiros forzosos*, non chega a definirse, esvaecéndose nas néboas conceptuais e, polo contrario, podería non só suxerirse senón facerse concreto amosando as súas verdadeiras orixes ideolóxicas e administrativas (Bermejo Barrera 2006). Por outra banda, os documentos históricos, patrimonio dos historiadores non arqueólogos, son tratados como un produto exclusivo dunha elite de reis, bispos e nobres, o que debería pasar tamén no caso da *res publica ingeniorum* ou no achádego dunha epígrafe presentada no texto case como allea ás desigualdades sociais do pasado. Algúns arqueólogos (e historiadores e filólogos) xa amosaron que o rexistro material debe incluír todos os documentos (Moreland 2001), polo que a pretendida oposición entre obxectos e documentos que ás veces se atopa no texto necesitaría un tratamento máis axustado. Neste senso, cando se fala no libro das fortificacións que non aparecen nos documentos e se vinculan discursivamente a viquingos, campesiños libres non feudalizados, guerras e mosteiros, para aumentar o seu interese, ou mitificalas, o que se fai realmente é inxerilas nun discurso de poder construído precisamente por vellos reis, bispos e, que non se escapen, políticos, xornalistas,

historiadores e arqueólogos. Esquécese ás veces que os obxectos –sexan os que for– poden significar a vida cotiá, os pensamentos, os cambios e innovacións tecnolóxicos ou os contactos comerciais, pero acompañados da explotación e da violencia (Wickham 2008 ou, cun ton satírico-crítico, Wagner 2007).

Pese a todo, as eivas son menores fronte ás virtudes xerais do libro que comentamos ao principio. Trátase en conclusión dunha obra atrevida, suxerente e, malia ao ben trabado e lexítimo recurso do humorismo e da sátira, poética. É unha iniciativa que subliña, mediante exemplos claros, o camiño integrador que debe de seguir a arqueoloxía, e os seus perigos, para ser verdadeiramente pública e social (González Ruibal 2012). Cumprindo esa “investigación e transmisión para as xeracións” futuras que a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (Tit. Pre. Art. 2) predicaba aló polo ano 1995; os tempos son chegados.

Carlos J. GALBÁN MALAGÓN

Bibliografía citada

- BARREIRO, David (2013): *Arqueológicas. Hacia una arqueología aplicada*. Barcelona: Bellaterra.
- MORELAND, John (2006): “Archaeology and Text: Subsistence or Enlightenment”, *Annual Review of Anthropology* 35, pp. 135-151.
- BERMEJO BARRERA, José Carlos (2006): “FLATVS UOCIS. Xenealoxía dunha palabra sen sentido: Patrimonio”, *A Trabe de Ouro* 68/4, pp. 463-484.
- GONZÁLEZ RUIBAL, Alfredo (2012): “Hacia otra arqueología: diez propuestas”, *Complutum* 23, pp. 103-116.
- HARRIS, Edward C. (1991): *Principios de estratigrafía arqueológica*. Barcelona: Ed. Crítica.
- WAGNER, Carlos G. (2007): “El barco negro en la costa. Reflexiones sobre el miedo y la colonización fenicia en la tierra de Tarsis”, *Gerión. Revista de Historia Antigua* 25/1, pp. 121-131.
- WICKHAM, Chris (2008): “Rethinking the structure of the Early Medieval Economy”, en J. R. Davies e M. McCormick (eds.), *The Long Morning of Medieval Europe. New Directions in Early Medieval Studies*. Adelrshot: Ashgate Publishing Company, pp. 19-31.